



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

Xofre de Tenorio, 1  
36071 Pontevedra  
Tel. 986 850 398  
Fax 886 213 421  
benestarsocial@concellopontevedra.es

**ACTA DO XURADO POLO QUE SE EVALÚAN OS TRABALLOS PRESENTADOS NA PRIMEIRA CONVOCATORIA DE PREMIOS PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MÁSTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA**

Na sede do Reitorado da cidade de Pontevedra, sita na rúa don Filiberto, sendo as doce e media horas do día 07 de outubro do ano dous mil catorce, reúnese o Xurado para a avaliación dos traballos presentados na primeira convocatoria de premios para a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e master para o/as alumnos/as do campus de Pontevedra, estando integrado pola Directora do CIM do Concello de Pontevedra, dona Rosa Campos Briones, a Concelleira Delegada do Servizo de Igualdade, dona Carme Fouces Díaz, pola Facultade de Belas Artes, dona Almudena Fernández Fariña, pola Facultade de Fisioterapia, dona Alicia González Represas, por parte da Escola de Enxeñaría Forestal, dona M<sup>a</sup> Angeles Cancela Carral a Directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, dona Anabel González Penín, e o Vicerreitor do Campus de Pontevedra, don Juan Manuel Corbacho Valencia, co seguinte e único punto da orde do día:

**Conceder os premios para a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e master para o alumnado do campus de Pontevedra.**

Seis foron o número total de traballos recibidos nas dependencias municipais.

Segundo as bases reguladoras da convocatoria concederanse tres premios para dúas categorías, unha para un traballo de Fin de Grao por importe de 2.000 € e outros dous para traballos de Fin de Máster por importes de 1000 € cada un deles podendo, no caso de quedar deserto algún dos premios de calquera das categorías, pasar a outorgarse na outra categoría.

Unha vez debatido o contido dos traballos ACÓRDASE por maioría dos membros do xurado conceder os premios ás seguintes candidatas:

TRABALLO DE FIN DE GRAO	<i>O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE OS SEXOS NA ESCOLA INFANTIL A TRAVÉS DOS CONTOS</i>	SANDRA BENAVIDES RODRÍGUEZ
TRABALLO DE FIN DE GRAO	<i>A CEGUEIRA DO XÉNERO O LARGO E TORTUOSO CAMIÑO ENTRE HOMES E MULLERES</i>	TANIA RÍOS COELLO
TRABALLO DE FIN DE MÁSTER	<i>A ARTE DA RESISTENCIA: PRÁCTICAS FEMINISTAS DE XÉNERO. UNHA CRÍTICA AO PENSAMENTO DOMINANTE</i>	SILVIA PECEÑO SERRANO

E non sendo outro o motivo deste acto, dáse por terminado o mesmo ás nove e media, no lugar e data subliñados, en Pontevedra a 07 de outubro de 2014.

Directora do CIM

Rosa Campos Briones

Concelleira Delegada do Servizo de Igualdade

Carne Fauces Díaz

Facultade de Belas Artes

Almudena Fernández Fariña

Facultade de Fisioterapia

Alicia González Represas

Escola de Enxeñaría Forestal

M<sup>a</sup> Angeles Cancela Carral

Directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Anabel González Penín

Vicerreitor do Campus de Pontevedra

Juan Manuel Corbacho Valencia

# I CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MÁSTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

## BASES DO CONCURSO.

### 1.- INTRODUCCIÓN:

Entre os obxectivos do Consello das Mulleres do Concello de Pontevedra atópase incluír o fomento da igualdade entre homes e mulleres, facilitando a sensibilización e a participación de toda a cidadanía. Peza clave para conseguir este obxectivo é o compromiso da comunidade educativa xa que resulta fundamental traballar a perspectiva de xénero nas poboacións máis novas e favorecer a cohesión cidadá coa universidade.

### 2.- PARTICIPANTES:

Estudantes de todas as Facultades e Escolas universitarias que a Universidade de Vigo ten no Campus de Pontevedra.

### 3.- PREMIOS E DOTACIÓN:

Concederanse tres premios para dúas categorías, unha para un traballo de fin de grao por importe de 2.000 € e outros dous para traballos de fin de Máster por importes de 1.000 € cada un deles, podendo, no caso de quedar deserto algún dos premios de calquera das categorías, pasar a outorgarse na outra categoría.

Será premiado o mellor traballo que incorpore a perspectiva de xénero e a súa facilidade de implementación práctica, promovendo accións que favorezan e fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.

A persoa que obtivese o premio recibirá unha cantidade de 2.000 € e un diploma de mención pola presentación do seu traballo que se entregará nun acto público nas datas que se determinen. A información sobre as/os gañadoras/es deste concurso será oportunamente comunicada a todas as entidades sociais, á comunidade educativa da cidade e ás persoas de relevancia neste eido.

Da cantidade concedida no primeiro premio, fin de grao (2.000€), 1.000€ destinaranse para elaboración do deseño de desenvolvemento do traballo; a persoa gañadora ten a obriga de xustificar o gasto realizado, en caso contrario procederase a tramitar o correspondente expediente de reintegro pola dita cantidade.

### 4.- FORMALIZACIÓN, ENTREGA E TERMOS DA SOLICITUDE.

Os traballos presentados deben terse defendido ao longo do curso 2013-2014. A temática ten que tratar sobre o "fomento da igualdade entre homes e mulleres, facilitando a sensibilización e a participación de toda a cidadanía". Serán obxecto desta convocatoria aqueles cinco (5) mellores traballos presentados en cada unha das Escolas e Facultades pertencentes ao

Campus de Pontevedra e que acaden unha nota mínima de Notable. Posteriormente serán avaliados por unha Comisión atendendo aos criterios marcados no punto 4.3 desta convocatoria

#### *4.1. Criterios de avaliación dos traballos*

Para participar na convocatoria deberase presentar o impreso de solicitude que se acompaña a esta convocatoria.

Os traballos deben presentarse en galego no rexistro de entrada do Concello de Pontevedra situado na rúa Michelena nº 30, ademais serán enviados por correo electrónico a [igualdade@pontevedra.eu](mailto:igualdade@pontevedra.eu) achegando a seguinte documentación:

- 1.O traballo completo en pdf. Non conterá mención do nome da autora ou autor nin nada que se identifique.
- 2.O traballo deberá ir acompañado dun resumo do seu contido de como máximo 300 palabras. Este resumo terá que incluír, polo menos: xustificación, obxectivos e ámbito de aplicación.

#### *4.2. Lugar e prazo de presentación*

As solicitudes presentaranse nas oficinas do Rexistro do Concello

Se a documentación achegada fose incompleta e presentase erros emendables, o servizo de Igualdade do Concello requiriralles para que, no prazo de dez días naturais, emenden a falta e acompañen a documentación necesaria coa advertencia de que se non o fixesen se lles terá por desistido da súa petición.

As solicitudes presentaranse como data límite o día 15 de xullo.

#### *4.3 A valoración dos traballos para a concesión do Premio farase en función de:*

- 1.A calidade do traballo e a aplicabilidade da súa execución.
- 2.A coherencia cos principios do Plan de Igualdade Municipal do Concello de Pontevedra.
- 3.A relevancia e a orixinalidade do tema e as súas achegas.

O xurado fará público os resultados da convocatoria na páxina web do Concello <http://www.pontevedra.eu/> . Dará a información do nome da persoa gañadora, titulación á que pertence, nome do titor ou titora e resumo do traballo.

A documentación que presenten os solicitantes poderá ser retirada dentro dos 3 meses seguintes á adxudicación do premio. Transcorrido o dito prazo será destruída.

#### *4.4. O xurado:*

A composición do xurado será a seguinte:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en que delegue

- 3 representantes do Concello de Pontevedra
- Un/ha profesor/a do ámbito Xurídico - Social
- Un/ha profesor/a do ámbito Científico - Tecnolóxico
- Un/ha profesor/a das Humanidades
- Un/ha profesor/a da Saúde.

O xurado poderá solicitar tanta información complementaria considere oportuna antes da resolución. O premio e as mencións poderán declararse desertas.

O veredicto do xurado será inapelable e comunicarse sete días antes da entrega dos premios, a través da páxina web <http://www.pontevedra.eu/>

A entrega dos premios farase nun acto académico, debidamente anunciado, durante a semana que o Concello de Pontevedra dedique á igualdade, do 13 ao 19 de outubro.

#### 5 PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais dos participantes incorporaranse a un ficheiro responsabilidade do Concello,

As/os gañadoras/es autorizan expresamente que o seu nome e apelidos sexan publicados nos medios de comunicación que publiciten estes premios e referenciar a obra gañadora.

Pontevedra 3 de abril 2014

A Concelleira de Igualdade

Carme Fouces Díaz

